


ESCOLA DE F.P. MARÍTIMO-PESQUEIRA BUEU

Tel. 886 151 093 – 886 151 096
nautica.bueu@xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/maritimabueu/>



As nosas accións formativas están dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas e xestionadas pola consellería en materia de EMPREGO.

MOI IMPORTANTE (cursos marítimo-pesqueiros)

- Lembra que a convocatoria realizámola por SMS (medio válido para todos os efectos)
- Anótate en aqueles cursos que realmente queres realizar.
- Contesta a todas as convocatorias que recibas, tanto se vas a realizar o curso coma se non.
- Xustifica documentalmente as ausencias ou rexeitamentos.
- Os cursos que se realizan nesta escola teñen dereito a percibir axudas.

Condicións de admisión en convocatorias:

- Os/as candidatos/as convocados/as que non contestaran ou rexeitaran sen xustificación máis de tres veces nun ano, deixarán de ser convocados ese mesmo ano.

Tipoloxía de usuarios

- Maiores de 16 ou 18 anos segundo o perfil do curso.
- Prioritariamente persoas desempregadas inscritas nas Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Cun grao de autonomía persoal que lles permita participar nas tarefas e/ou actividades (módulos teóricos e prácticos) propias dos cursos da escola.

Condicións de admisión

- Cumprir os requisitos de prioridade establecidos pola consellería en materia de Emprego para admisión nos centros de formación ocupacional de Galicia.
 - Cumprir os requisitos de acceso ao curso específico que vai realizar.
 - Cumprir os requisitos de asistencia presencial requiridos.
-

Os cursos marítimo-pesqueiros capacitan laboralmente e permiten o acceso necesario á LIBRETA MARÍTIMA, imprescindible no ámbito laboral. O certificado obrigatorio para exercer a bordo dun buque e que dá acceso á LIBRETA MARÍTIMA é:

– **Formación Básica en Seguridade (72 horas):**

- Unha vez realizado o curso deberase solicitar cita para **RECOÑECIMENTO MÉDICO** nas dependencias do ISM (Instituto Social da Mariña) correspondente. Unha vez superado, pódese solicitar a expedición da LIBRETA MARÍTIMA.

A este deberanse engadir, como mínimo, cursos dependendo do ámbito laboral ao que se dirixa:

– Para o ámbito pesqueiro, **Mariñeiro/a Pescador (50 h)**

Curso requirido para dispoñer da Tarxeta Profesional de Mariñeiro Pescador (sen mando), preceptiva para enrolarse como mariñeiro de buques de pesca. Ademais se deberá dispoñer do certificado médico de aptitude.

– Para o ámbito da mercante, **Mariñeiro/a de Ponte (70 h)**

Proporciona o título profesional requirido aos mariñeiros de buques mercantes. Ademais, se realizaran un período de embarco profesional non inferior a seis meses poderán ser habilitados pola Dirección General de la Marina Mercante para manexar embarcacións con fins comerciais de menos de 6 m de eslora (sen pasaxeiros) dentro de augas interiores de portos e potencia adecuada á embarcación.

– Para o ámbito da mercante, **Mariñeiro/a de Máquinas (70 h)**

Proporciona o título profesional requirido aos mariñeiros de buques mercantes. Ademais, se realizaran un período de embarco profesional non inferior a seis meses poderán ser habilitados pola Dirección General de la Marina Mercante para manexar motores cunha potencia inferior a 150 KW.

– Para o ámbito da mercante, **Buques de Pasaxe (48 h)**

Proporciona coñecementos e aptitudes para o persoal de buques de pasaxe sobre control de multitudes, familiarización, seguridade para o persoal en contacto directo cos pasaxeiros, seguridade do pasaxeiro, carga e integridade do buque e xestión de emerxencias e comportamento humano.

– Para o ámbito da mercante, **Formación Básica en Protección Marítima (12 h)**

Proporciona a formación, instrucción e normas de competencia para a toma de conciencia dos aspectos relacionados coa protección marítima.

Outros cursos complementarios:

- Operadores de Radio: **Operador Xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítima (120 horas) e a súa actualización (16 h). Operador Restringido do SMSSM (40 h) e a súa actualización (8 h).**

Proporciona ao persoal radiooperador a formación, os coñecementos mínimos, comprensión e suficiencia requiridos para o seu cometido na radiocomunicación.

- Sanitarios: **Formación Sanitaria Específica Inicial (22 horas) ou Avanzada (40 h):**

Proporcionan a formación complementaria para oficiais encargados da garda de máquinas e capitáns, patrón e oficiais que se encargasen da garda de navegación en embarcacións con botiquín C. Capacita ao alumno en primeiros auxilios a bordo, nalgúns técnicas de enfermería elementais e no procedemento da consulta médica por radio.

- **Patrón/oa Portuario/a (150 h)**

Proporciona a formación de patrón/oa capitán ou patrón e/ou xefe de máquinas, en buques de pesca de ata 12 metros de eslora entre perpendiculares e 100 quilowatts de potencia, ata unha distancia non superior a 12 millas das liñas de base definidas de acordo coa Lei 10/1977, do 4 de xaneiro, sobre mar territorial, cuxa delimitación figura no RD 2510/1977, do 5 de agosto. Xefe de máquinas en buques de pesca de ata 180 quilowatts de potencia.

- **Patrón/oa Local de Pesca – seccións de ponte e común (130 h) e de máquinas (120 h)**

Proporciona a formación de patrón/oa local de pesca que exerce como capitán ou patrón e/ou xefe de máquinas, en buques de pesca de ata 12 metros de eslora entre perpendiculares e 100 quilowatts de potencia, ata unha distancia non superior a 12 millas das liñas de base definidas. Esta titulación convalida coa de Patrón/oa de embarcacións de recreo. Xefe de máquinas en buques de pesca de ata 180 quilowatts de potencia.

- **Patrón/oa Costeiro/a Polivalente – seccións de ponte (350 h) e máquinas (250 h)**

Proporciona a formación de patrón/oa costeiro/a polivalente que exerce como capitán ou patrón e/ou xefe de máquinas, en buques de ata 24 metros de eslora, e 400 KW dedicados á pesca costeira de litoral, ata unha distancia de 60 millas da costa, entre outras atribucións p.ex. oficial encargado de ponte ou de máquinas en barcos dedicados á pesca de litoral. Esta titulación convalida co Patrón/oa de iate.

- **Inglés Técnico Marítimo nivel II básico (90 h) e Inglés Técnico Marítimo Pesqueiro para documentación e seguros (120 h):** Proporciona ao alumnado os coñecementos básicos de inglés marítimo recomendados pola OMI ao obxecto de que todos os tripulantes dun buque sexan capaces de entenderse nun mesmo idioma.

- **Atención a persoas con discapacidade no transporte marítimo (15 h):** Formación do persoal encargado de atender ao pasaxe con discapacidade, tanto nas fases de embarque e desembarque, como durante o transcurso das travesías.

- **Estiba e desestiba (40 h):**

O obxectivo do curso é coñecer as regras e prácticas adecuadas na estiba, suxeición e desestiba asociada ao transporte de mercadorías.

- **Busca activa de emprego no sector marítimo-pesqueiro (10 h):** Proporciona técnicas e recursos facilitadores da inserción laboral, así como a situación do mercado de traballo na familia profesional marítimo-pesqueira.

Cursos PLAN AFD (Certificados de profesionalidade):

- **Soldadura con electrodo consumible, soldeo “MIG/MAG” (574 horas). Nivel 2:**

Realizar soldaduras con arco baixo gas protector con electrodo consumible MIG/MAG.

- **Soldadura con electrodo consumible, soldeo “TIG” (574 horas). Nivel 2:**

Realizar soldaduras con arco baixo gas protector con electrodo consumible TIG.

- **Soldadura con electrodo revestido (574 horas). Nivel 2:** Realizar soldaduras con arco eléctrico con electrodo revestido.

Códigos, documentación e requisitos

CURSOS NÁUTICO-PESQUEIROS

Código	CURSOS	Horas	Documentación e requisitos
MAPN004PO	MARIÑEIRO/A PESCADOR/A	50 h	- Ter 16 anos cumpridos e saber nadar - DNI ou NIE con permiso de traballo - Certificado de estudos primarios ou equivalente - Declaración responsable de posuír aptitude para realizar unha proba de natación
XXMAPX2127	PATRÓN/OA LOCAL DE PESCA – sección PONTE e COMÚN	130 h	- Ter 18 anos cumpridos. - DNI ou NIE con permiso de traballo
XXMAPX2129	PATRÓN/OA LOCAL DE PESCA – sección MÁQUINAS	120 h	- Título de Mariñeiro/a Pescador - Certificado de estudos primarios ou equival.
XXMAPX2116	PATRÓN/OA COSTEIRO/A POLIVALENTE - sección PONTE	350 h	- Ter 18 anos cumpridos. - DNI ou NIE con permiso de traballo - Título de Mariñeiro/a Pescador
XXMAPX2112	PATRÓN/OA COSTEIRO/A POLIVALENTE - sección MÁQUINAS	250 h	Certificado de estudos primarios ou equivalente ou tarxeta profesional de Patrón/oa Local de Pesca

CURSOS DE MARIÑA MERCANTE

Código	CURSOS	Horas	Documentación e requisitos
MAPN050PO	FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE	72 h	- Ter 16 anos cumpridos - DNI, NIE ou pasaporte. - Para FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE: saber nadar (farase proba de natación ou tarxeta de mariñeiro/a pescador)
MAPN076PO	ACTUALIZACIÓN DE FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE	17 h	
MAPN0002	FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA	12 h	
MAPN03	MARIÑEIRO/A DE PONTE	70 h	
MAPN0004	MARIÑEIRO/A DE MÁQUINAS	70 h	
MAPN038PO	BUQUES DE PASAXE	48 h	
MAPN13EXP	PATRÓN/OA PORTUARIO/A	150 h	- Ter 18 anos cumpridos - Certificado de Formación Básica en Seguridade
MAPN052PO	OPERADOR XERAL DO SMSSM	120 h	- Ter 18 anos cumpridos - Nocións de inglés - Condición preferente: - Titulacións profesionais de Mariña Civil (mercante e pesca); Patróns/oas; Mariñeiros/as con mando; Capitáns e Patróns de iate habilitados comercialmente
MAPN074PO	ACTUALIZACIÓN OPERADOR XERAL DO SMSSM	16 h	
MAPN0009	OPERADOR RESTRINXIDO DO SMSSM	40 h	
MAPN075PO	ACTUALIZACIÓN OPERADOR RESTRINXIDO DO SMSSM	8 h	

CURSOS DO INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA (ISM)

Código	CURSOS	Horas	Documentación
MAPN013PO	FORMACIÓN SANITARIA ESPECÍFICA INICIAL	22 h	DNI, NIE ou pasaporte.
MAPN010PO	FORMACIÓN SANITARIA ESPECÍFICA AVANZADA	40 h	

CURSOS COMPLEMENTARIOS

Código	CURSOS	Horas	Documentación e requisitos
MAPN0001	INGLÉS TÉCNICO MARÍTIMO BÁSICO, nivel II	90 h	- DNI, NIE ou pasaporte. - Coñecementos básicos de Inglés
MAPN003PO	INGLÉS TÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO PARA DOCUMENTACIÓN E SEGUROS	120 h	
MAPN007PO	ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO TRANSPORTE MARÍTIMO	13 h	DNI, NIE ou pasaporte
MAPN0003	ESTIBA E DESESTIBA	40 h	DNI, NIE ou pasaporte.
CTRO0004	BUSCA ACTIVA DE EMPREGO NO SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO	10H	DNI, NIE ou pasaporte.

CURSOS AFD

Código	CURSOS	Horas	Documentación e requisitos
FMEC0119_2	SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS PROTECTOR CON ELECTRODO CONSUMIBLE, SOLDEO "MIG/MAG"	574 h	- DNI, NIE ou pasaporte. - Graduado en ESO ou equivalente
FMEC0219_2	SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS PROTECTOR CON ELECTRODO CONSUMIBLE, SOLDEO "TIG"	574 h	- DNI, NIE ou pasaporte. - Graduado en ESO ou equivalente
FMEC0319_2	SOLDADURA POR ARCO CON ELECTRODO REVESTIDO	574 h	- DNI, NIE ou pasaporte. - Graduado en ESO ou equivalente

As persoas interesadas en realizar os cursos deberán ser desempregadas inscritas na oficina de emprego que lles corresponda por domicilio. Recorda anotarte só en aqueles cursos que realmente podes realizar.

Poderáseche convocar nos períodos nos que esteas desempregado/a (é necesario renovar a tarxeta de demanda de emprego aínda que non é necesaria a reinscrición no curso despois dun período de traballo).

A convocatoria ou chamamento realízase para os cursos marítimo-pesqueiros por SMS. Nos casos nos que non se posúa móbil o chamamento farase por chamada telefónica a teléfono fixo.


As candidaturas a cursos de soldadura do Plan AFD rexíranse polo procedemento establecido na orde correspondente.

A **inscrición** nos cursos, farase segundo o código de cada curso a través do Servizo Público de Emprego:

- Nas oficinas de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, ou
- No “Portal de emprego” na web: [BUSCA FORMACIÓN - SPEG \(xunta.gal\)](http://buscaformacion.speg.xunta.gal) para aqueles desempregados con claves de acceso ao Servizo Público de Emprego.

Para **máis información**:

- <http://www.edu.xunta.gal/centros/maritimabueu/>
- <https://emprego.xunta.gal/portal/es/>



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



ESCOLA FP MARÍTIMO-PESQUEIRA
Rúa Pazos Fontenla, 10B
36930 Bueu
886151093
nautica.bueu@xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/maritimabueu/>